



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Comunicación oral e escrita	Código	612G01004	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoxía Española e LatinaGalego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Sanchez Palomino, María Dolores	Correo electrónico	maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es	
Profesorado	Acin Villa, Esperanza Cordoba Rodriguez, Felix Sanchez Palomino, María Dolores Vallin Blanco, Gema	Correo electrónico	esperanza.acin@udc.es felix.cordoba@udc.es maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es g.vallin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O propósito desta materia é mellorar a capacidade de expresión de xeito oral e por escrito en calquera contexto, con especial atención ao léxico e a argumentación xurídicos.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Aprender a aprender.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Que o alumnado sexa quen de aplicar os contidos teóricos da materia (postos en relación cos das outras materias do grao) para desenvolver un pequeno traballo tutelado rigoroso en que demostre capacidade para a aprendizaxe autónoma e para a procura e xestión da información.	A8	B6 B13 B2	C1
Após a lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polos/polos docentes e a asistencia ás sesións expositivas cunha actitude aberta, participativa e crítica, ser capaz de emitir no obradoiro argumentacións madurecidas, respectando as opinións diferentes e establecendo con elas un diálogo produtivo.	A8 A12	B4	C1
O estudantado deberá realizar con solvencia argumentativa, calidade de lingua e rigor expositivo as presentacións orais marcadas e deberá igualmente emitir un xuízo construtivo e respetuoso sobre a das outras persoas do curso en que se ponderen as estratexias expositivas empregadas, as técnicas argumentativas, a corrección oral e a adecuación ao contexto comunicativo, a clareza na expresión, a empatía e a linguaxe corporal.	A12	B2 B4	C1



O alumnado deberá ser quen de traballar en grupo -presencial ou asincronamente- na procura e xestión de información especializada, no comentario de bibliografía específica, na análise e produción de textos argumentativos e na definición de estratexias comunicativas acaídas ao contexto xurídico.	A11	B6 B10 B12
---	-----	------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O proceso de elaboración do texto	1.1. Planificación 1.2. Redacción 1.3. Revisión
2. Tipoloxía discursiva	2.1. Textos académicos 2.2. Textos xurídicos e administrativos 2.3. Escribir para falar
3. Argumentación	3.1. Técnicas argumentativas
4. Locución, entonación e presentación	4.1. Claridade na expresión: tácticas verbais e tácticas prosódicas 4.2. Corrección oral e adecuación ao contexto comunicativo
5. Comunicación non verbal	5.1. A linguaxe corporal 5.2. Imaxe persoal, cortesía e empatía
6. Utilización de apoios multimedia	6.1. Materiais de apoio

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B6	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	A8 C6 C7	19.5	8	27.5
Obradoiro	A8 B6 B10 B12 B13 B4 C3	14.5	26	40.5
Presentación oral	A12 B4 C1	4.5	12	16.5
Lecturas	A8 B6 C6 C7	0	26	26
Traballos tutelados	A13 B6 B2 C1 C6	0	14	14
Proba mixta	A11 A12 B2 C1	2	18	20
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación dos obxectivos, contidos, dinámica e bibliografía da materia, ben como a realización de probas de avaliación inicial.
Sesión maxistral	Clases expositivas presenciais en que se presentarán conceptos cuxo coñecemento será exixido tanto para a realización das prácticas como nas probas escritas.
Obradoiro	Actividades que se realizarán individualmente ou en grupo.
Presentación oral	Actividades de comunicación oral.
Lecturas	Lecturas obrigatorias para cada tema. Alén disto, para un óptimo aproveitamento das sesións, deberanse ler e analizar previamente os textos que se indiquen para cada sesión.
Traballos tutelados	Traballo tutelado seguindo as pautas definidas polo/a docente.
Proba mixta	Proba na que se avalía a asimilación dos contidos e a capacidade de por en práctica as destrezas propias da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	A atención personalizada realizarase a través das tutorías presenciais no horario e espazo destinados a este fin ou bien a través do correo electrónico. Mediante estes medios orientarase o desenvolvemento dos traballos tutelados e responderanse as dúbidas xurdidas ao redor da materia.
Proba mixta	
Presentación oral	
Actividades iniciais	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 B6 B2 C1 C6	Traballo para avaliar a competencia en comunicación escrita.	15
Proba mixta	A11 A12 B2 C1	Proba de carácter teórico-práctico na que se mostrará que foron adquiridos os coñecementos e as competencias da materia. Valorarase tamén a corrección e a adecuación lingüística. Para superar a materia deberase obter unha cualificación mínima de 4 (sobre 10) nesta proba.	40
Obradoiro	A8 B6 B10 B12 B13 B4 C3	Exercicios prácticos realizados na aula.	20
Presentación oral	A12 B4 C1	Probas de comunicación oral.	25

Observacións avaliación
<p>Para superar a materia, a cualificación mínima na proba mixta deberá ser de 4 (sobre 10). Tamén será requisito imprescindible ter realizadas as presentacións orais.</p> <p>Só se aceptarán traballos, actividades etc., que se entreguen dentro dos prazos establecidos.</p> <p>Os traballos, actividades e exames deben cumprir as esixencias de corrección lingüística propias destes textos (ortografía, puntuación, precisión léxica, rexistro formal, discurso coherente e cohesionado etc.).</p> <p>O plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), incluso parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descualificación automática da actividade.</p> <p>Cualificarase como non presentado ao estudante que non realice o exame final oficial, independentemente do número de actividades entregadas. Na segunda oportunidade poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliación arriba descritos cos mesmos porcentaxes. As actividades dos obradoiros recuperaranse mediante tarefas equivalentes que se indicarán a través de Moodle. As probas orais realizaranse na data prevista oficialmente para o exame.</p> <p>Na segunda edición de actas só se cualificará como non presentado a quen xa tivese esta cualificación na edición de actas de xaneiro e, ademais, non se presente ao exame oficial de xullo.</p> <p>Os estudantes a tempo parcial con dispensa académica recoñecida realizarán actividades compensatorias dos obradoiros, previo acordo cos profesores. O resto dos métodos de avaliación realizaranse sen adaptación.</p> <p>Os alumnos deben consultar semanalmente o Campus Virtual da UDC (Moodle); neste espazo virtual obterán toda a información sobre a asignatura: documentos, avisos e calificacións.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	<p>Briz, Antonio (coord.) (2008). Saber hablar. Madrid: Aguilar. Casado, Manuel (2012). El castellano actual. Usos y normas. Pamplona: EUNSA. Cazorla Prieto, Luís María (2013). El lenguaje jurídico actual. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters Aranzadi. Fernández León, Óscar (2013). Con la venia, manual de oratoria para abogados. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters Aranzadi. Gómez Torrego, Leonardo (2011). Hablar y escribir correctamente. Gramática normativa del español actual. Madrid: Arco Libros. Jiménez, Ricardo e Joaquín Mantecón (2012). Escribir bien es de justicia: técnicas de expresión escrita para juristas. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters Aranzadi. Montolío, Estrella (2014). Manual de escritura académica y profesional. Barcelona: Ariel. Vilches Vivancos, Fernando e Ramón Sarmiento González (2010). Manual de lenguaje jurídico-administrativo. Madrid: Dykinson.</p>



Bibliografía complementaria	Alcaraz Varó, Enrique e Brian Hughes (2009). El español jurídico. Barcelona: Ariel. Atkinson, Max (2005). Claves para hablar en público. Barcelona: Gestión 2000. Cassany, Daniel (2007. 14.ª ed.). La cocina de la escritura. Barcelona: Anagrama. Galanes Santos, I., A Gómez Méixome, A. González Montañés e M. Souto González (2000): «A lingua dos documentos xurídicos», Cadernos de Lingua, 22, páx. 5-37. En liña en http://consellodacultura.gal/arquivos/cdsg/kit/docs/bibliografia/cd/docs/aldx.pdf Regueiro Rodríguez, Mª Luisa e Daniel M. Sáez Rivera (2013). El español académico. Guía práctica para la elaboración de textos académicos. Madrid: Arco Libros. Stuger, Jürg (2008). Oratoria. El arte de hablar en público. Madrid: Drac.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías